# ROBERTO VIDAL BOLAÑO 1

DEBUXOS: **CARLOS GALLEGO DOMÍNGUEZ**





OLA. CHÁMOME ROBERTO VIDAL BOLAÑO E ESTE ANO CELEBRAMOS XUNTOS O DÍA DAS LETRAS GALEGAS.

# ROBERTO VIDAL BOLAÑO 2



DEBUXOS: CARLOS GALLEGO DOMÍNGUEZ




NACÍN EN SANTIAGO DE COMPOSTELA O 31 DE XULLO DE 1950, COINCIDINDO CO REMATE DAS FESTAS DO APÓSTOLO.

# ROBERTO VIDAL BOLAÑO 3



DEBUXOS: **CARLOS GALLEGO DOMÍNGUEZ**



MEUS PAIS CHÁMANSE ROBERTO E CARMEN. ADEMAIS TEÑO UNHA IRMÁ MOITO MÁIS PEQUENA CA MIN, MARÍA DEL CARMEN.

ROBERTO VIDAL BOLAÑO 4

DEBUXOS: CARLOS GALLEGO DOMÍNGUEZ






ESTUDEI A PRIMARIA E O BACHARELATO EN DISTINTOS COLEXIOS DE SANTIAGO.

# ROBERTO VIDAL BOLAÑO 5



DEBUXOS: CARLOS GALLEGO DOMÍNGUEZ



CANDO TIÑA SÓ 12 ANOS, COMECEI A TRABALLAR COMO REPARTIDOR LEVANDO PEZAS DE COCHE DUN LUGAR PARA OUTRO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

ROBERTO VIDAL BOLAÑO 6

DEBUXOS: CARLOS GALLEGO DOMÍNGUEZ






TAMÉN TRABALLEI NOUTROS MOITOS SITIOS, COMO NUNHA TENDA DE COLONIAIS, NUNHA AXENCIA DE VIAXES, NUN BANCO...

ROBERTO VIDAL BOLAÑO 7



DEBUXOS: CARLOS GALLEGO DOMÍNGUEZ




PERO DESPOIS DE TER PASADO POR MOITOS TRABALLOS, CONSEGUÍN ADICARME AO TEATRO, QUE ERA O QUE MÁIS ME GUSTABA E ALÍ PUIDEN FACER DE ILUMINADOR, DECORADOR, ACTOR, DIRECTOR...

DEBUXOS: **CARLOS GALLEGO DOMÍNGUEZ**





EN REALIDADE, A MIÑA PRIMEIRA OBRA XA A FIXERA NUN COLE DE MARÍN, PERO TIVEMOS MALA SORTE E UNHA GRAN PEDRA QUE SE NOS ESCAPOU AFUNDIU O ESCENARIO. ÁS PROFES NON LLES GUSTOU NADA, PERO TODOS OS NENOS E NENAS ESCACHAMOS COA RISA. APLAUDÍRONNOS MOITO!



DEBUXOS: CARLOS GALLEGO DOMÍNGUEZ



ESCRIBÍN MOITAS OBRAS DE TEATRO. AGORA PODEREDES VER E LER UN PAR DE CONVERSAS DOS MEUS PERSONAXES.

## ROBERTO VIDAL BOLAÑO 10

DEBUXOS: **CARLOS GALLEGO DOMÍNGUEZ**






*«XA SEI QUE COMA REI QUE SON, TILINLÍN, TILINLÓN; CANTO AQUÍ, CANTO DE PÉ, SENTADO, E NA CAMA, CANTO... ONDE ME SAE DA REAL GANA».*

***« LAUDAMUCO, SEÑOR DE NINGURES»***



ROBERTO VIDAL BOLAÑO 11



DEBUXOS: CARLOS GALLEGO DOMÍNGUEZ

**O SOL**: DIN QUE AO PRIMEIRO, EU CHORABA OURO.
**A LÚA**: E EU PRATA.
**O SOL**: E QUE FOI CON ESE OURO E CON ESA PRATA CO QUE SE FIXERON TÓDOLOS TESOUROS.
**A LÚA**: PERO UN DÍA DE TANTO QUE CHORAMOS, ESGOTÓUSENOS UNHA COUSA E MÁIS OUTRA.
**O SOL**: E NON TIVEMOS MÁIS REMEDIO QUE REMATAR CHORANDO O QUE TODOS.
**OS DOUS**: AUGA!

***« TOUPORROUTOU DA LÚA E DO SOL»***



DEBUXOS: **CARLOS GALLEGO DOMÍNGUEZ**







ADEMAIS DO TEATRO TAMÉN OCUPEI O TEMPO TRABALLANDO PARA O CINE E A TELEVISIÓN.



ROBERTO VIDAL BOLAÑO 13

DEBUXOS: **CARLOS GALLEGO DOMÍNGUEZ**






GAÑEI MOITÍSIMOS PREMIOS POLAS MIÑAS OBRAS DE TEATRO.



ROBERTO VIDAL BOLAÑO 14

DEBUXOS: CARLOS GALLEGO DOMÍNGUEZ






SEMPRE DEFENDÍN O NOSO IDIOMA, O GALEGO, ADEMAIS DA NOSA CULTURA.